

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA CELEBRADA O DÍA 13 DE XUÑO DE 2015

ASISTENTES	
GRUPO POLÍTICO	
CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS:	
D. José Fervenza Costas	PP
D ^a . María Estela Santomé Freire.	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D. José Manuel Juncal Gallego.	PP
D ^a Rosa Solla Veiga	PP
D ^a Raquel Carro Sequeiros	PP
D. Antonio Sánchez Carneiro	PP
D ^a Leticia Santos Paz	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D ^a Coral Ríos Santomé	BNG
D. Abel Pérez Guardado	BNG
D ^a Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D. Aldán Santamarina Corral	BNG
D ^a Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. Salvador Meira Corrales	PS de G-PSOE
D. Ezequiel Fernández Cancelas	PS de G-PSOE
D. Francisco Javier Carro Piñeiro	XM
SECRETARIO:	
D. Adamantino Barreiro García	
AUSENTES:	

En Moaña, o 13 de xuño de 2015, sábado, ás 12.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros electos e as señoras concelleiras electas nas eleccións celebradas o 24 de maio de 2015 que se relacionan na marxe, co obxecto de realizar a sesión constitutiva da Corporación do Concello de Moaña, en cumprimento do establecido nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985 (LOREG), 36 e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Previamente, as persoas integrantes desta sesión presentaron na Secretaría Xeral as credenciais acreditativas da súa proclamación, segundo o recollido no artigo 7 do ROF.

Están presentes a totalidade dos concelleiros electos e concelleiras electas e, por tanto, o quórum necesario, pasando a continuación a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- Constitución da Corporación Municipal do Concello de Moaña:

- Acta de proclamación de candidatas electas e candidatos electos.
- Constitución da Mesa de Idade.
- Comprobación das credenciais.
- Declaracións sobre causas de incompatibilidade e actividades e de bens patrimoniais.
- Prestación de xuramento ou promesa dos concelleiros e das concelleiras.
- Constitución da Corporación.

2.- Elección de alcalde do Concello de Moaña:

- Elección do alcalde ou alcaldesa.
- Xuramento ou promesa do alcalde ou alcaldesa.

1.- Constitución da Corporación Municipal do Concello de Moaña:

- Acta de proclamación de candidatas electas e candidatos electos.

O secretario dá conta da Acta de proclamación de candidatas electas e candidatos electos a concelleiras e concelleiros do Concello de Moaña, correspondente ás eleccións locais realizadas o pasado 24 de maio de 2015, de conformidade co establecido no artigo 108.6 da LOREG remitida pola Xunta Electoral de Zona de Pontevedra, rexistro de entrada da data 05/06/2015, número 3619, na que figuran os seguintes datos:

Número de electores 16.244. Número de votantes: 10.553. Número de votos a candidaturas: 10.120. Número de votos válidos: 10.318. Número de votos nulos: 235. Número de votos en branco: 198. Votos a candidaturas: Partido Popular (PP): 4.081, electos 7; Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas (BNG): 3.365, electos 6; Coalición Independente por Moaña: 673, electos 1; Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE): 2001, electos 3. De acordo cos resultados expresados, proclámanse electas as seguintes persoas candidatas: D. José Ferverza Costas (PP), D^a. María Estela Santomé Freire (PP), D. Jorge Santomé Gestido (PP), D. José Manuel Juncal Gallego (PP), D^a Rosa Solla Veiga (PP), D^a Raquel Carro Sequeiros (PP), D. Antonio Sánchez Carneiro (PP), D^a Leticia Santos Paz (BNG), D. Odilo Barreiro Martínez (BNG), D^a Coral Ríos Santomé (BNG), D. Abel Pérez Guardado (BNG), D^a Araceli Gestido Rodríguez (BNG), D. Aldán Santamarina Corral (BNG), D^a Marta Freire Riobó (PS de G-PSOE), D. Salvador Meira Corrales (PS de G-PSOE), D. Ezequiel Fernández Cancelas (PS de G-PSOE), D. Francisco Javier Carro Piñeiro (XM).

- **Constitución da Mesa de Idade.**

De acordo co establecido no artigo 195 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, constitúese unha Mesa de Idade integrada polas persoas elixidas de maior e menor idade, que resultan ser, respectivamente, D. Jorge Santomé Gestido (PP), que actúa como presidente, e Dna. Leticia Santos Paz (BNG), que actúa como vogal, actuando como secretario o da Corporación, D. Adamantino Barreiro García.

- **Comprobación das credenciais.**

A Mesa procede a continuación a comprobar as credenciais presentadas e as acreditacións da personalidade das persoas electas, con base nas certificacións remitidas pola Xunta Electoral de Zona, constando copia compulsada do DNI de todos os electos e electas, atopándoas conformes.

- **Declaracións sobre causas de incompatibilidade e actividades e de bens patrimoniais.**

O secretario da Corporación dá conta de que a totalidade das concelleiras electas e dos concelleiros electos formularon ante a Secretaría a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionan ou poden proporcionar ingresos económicos e declaración sobre os seus bens patrimoniais, de conformidade e en cumprimento do previsto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as cales se inscribirán nos correspondientes Rexistros de Intereses constituído no Concello.

- **Prestación de xuramento ou promesa dos concelleiros.**

A fin de que os Sres. concelleiros e as señoras concelleiras podan tomar posesión dos seus cargos, as persoas candidatas electas proceden a prestar xuramento ou promesa, segundo dispón o artigo 108 da LOREG, baixo a fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril, (BOE do día 6) contestando a pregunta ¿Xura ou promete pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, o Estatuto de Autonomía e as leis? Os/as concelleiros/as electos/as utilizaron a modalidade de xura ou promesa:

D. José Ferverza Costas	(xuramento)
D ^a . María Estela Santomé Freire,	(promesa)
D. Jorge Santomé Gestido,	(promesa)
D. José Manuel Juncal Gallego,	(promesa)

D ^a Rosa Solla Veiga	(promesa)
D ^a Raquel Carro Sequeiros	(promesa)
D. Antonio Sánchez Carneiro	(promesa)
D ^a Leticia Santos Paz	(promesa)
D. Odilo Barreiro Martínez	(promesa)
D ^a Coral Ríos Santomé	(promesa)
D. Abel Pérez Guardado	(promesa)
D ^a Araceli Gestido Rodríguez	(promesa)
D. Aldán Santamarina Corral	(promesa)
D ^a Marta Freire Riobó	(promesa)
D. Salvador Meira Corrales	(promesa)
D. Ezequiel Fernández Cancelas	(promesa)
D. Francisco Javier Carro Piñeiro	(promesa)

Os concelleiros e as concelleiras do BNG D^a Leticia Santos Paz , D. Odilo Barreiro Martínez, D^a Coral Ríos Santomé, D. Abel Pérez Guardado, D^a Araceli Gestido Rodríguez, D. Aldán Santamarina Corral, responden que si prometen por imperativo legal, e comprométese a defender os intereses xerais do Concello de Moaña e do pobo galego.

Os concelleiros e as concelleiras do PSdeG-PSOE, D^a Marta Freire Riobó, D. Salvador Meira Corrales e D. Ezequiel Fernández Cancelas prometen por imperativo legal.

O Concelleiro do XM D. Francisco Javier Carro Piñeiro promete por imperativo legal e comprométese a defender a Constitución e traballar polo pobo de Moaña.

- **Constitución da Corporación.**

Realizados os trámites anteriores, e comprobándose que concorre á sesión a maioría absoluta de Concelleiros/as electos/as, a Mesa, no presente caso a totalidade, declárase constituída a Corporación do Concello de Moaña, conformidade co establecido no artigo 195.4 da lei Orgánica de réxime electoral xeral.

2.- Elección de alcalde do Concello de Moaña:

- Elección do alcalde ou alcaldesa.

Procédese, acto seguido, e de acordo co que dispón o artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, (LOREG), a proclamación de candidatas e candidatos para a elección do alcalde ou alcaldesa, de entre as persoas concelleiras que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais, resultando proclamadas os seguintes:

NOME E APELIDOS DAS PERSOAS CANDIDATAS	CANDIDATURA
Don José Fervenza Costas	PP.
Dona Leticia Santos Paz	BNG
Dona Marta Freire Riobó	PS de G. PSOE
Don Francisco Javier Carro Piñeiro	XM

O secretario informa de que, de acordo co establecido no artigo 196 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, poden ser candidatos/as os/as concelleiros/as que encabecen as súas correspondentes listas, proclamándose o que obteña a maioría absoluta dos votos, e se ningún obtén a dita maioría, será proclamado alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivese maior número de votos no municipio.

O secretario consúltalle aos concelleiros asistentes se desexan realizar a votación secreta, tal e como é tradicional neste Concello, asentindo varios concelleiros afirmativamente. Para iso, xa se preparou unha urna e papeletas de todos as persoas candidatas, entregándoselles a cada un/nha

dos/as concelleiros/as catro papeletas e un sobre para a súa votación, similar aos utilizados no proceso electoral nos que só figura a persoa candidata que encabezaba a lista electoral. A continuación, realízase o chamamento de todos/as os/as concelleiros/as que depositan o seu voto na urna transparente habilitada para o efecto. Unha vez realizada a votación de todos/as os/as concelleiros/as, o secretario extrae un a un os votos exhibíndoos e procede ao seu recuento.

O resultado alcanzado é o seguinte:

Don José Fervenza Costas (PP): sete (7) votos.

Dona Leticia Santos Paz (BNG): nove (9) votos.

Votos en branco: un (1) voto.

Visto o resultado do escrutinio dos votos emitidos para a elección de alcalde, é proclamada alcaldesa electa **DONA LETICIA SANTOS PAZ**, ao alcanzar a maioría absoluta dos votos.

- **Xuramento ou promesa do alcalde ou alcaldesa.**

A continuación, **dona Leticia Santos Paz**, expresa a aceptación do cargo de alcaldesa para o que foi elixida. O secretario realiza, baixo a fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril, a seguinte pregunta:

¿Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcaldesa con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, o Estatuto de Autonomía e as leis?

Dona Leticia Santos Paz responde: si prometo por imperativo legal, e comprométome a defender os intereses xerais do Concello de Moaña e do pobo galego.

Cumpridos todos os requisitos legais, **dona Leticia Santos Paz** toma posesión do cargo de alcaldesa e pasa a presidir a Corporación, recibindo os aplausos do público asistente.

A continuación, a Sra. alcaldesa dona Leticia Santos Paz toma a palabra e indica:

Que agradece aos veciños e veciñas de Moaña que apostaron por un goberno de progreso para o noso Concello. Agradece aos compañeiros e compañeiras do seu grupo político, o BNG, que non van continuar na Corporación, e cita a dona Beatriz Riobó, dona Libertad Cruz e dona María Martínez, e especialmente a don Xosé Manuel Millán que foi un grande alcalde durante oito anos. Desexa tamén agradecer a unha persoa que desgraciadamente non está hoxe aquí, don Diego Riobó Martínez. Tamén agradece aos compañeiros de gobernos do PSdeG-PSOE polo seu apoio a este proxecto común. Por último, insta a todos/as os/as concelleiros/as da Corporación a ter, durante este mandato, un clima de respecto máximo entre nós e coa veciñanza, e pide consenso, e que se defendan os intereses xerais do Concello de Moaña.

Recibe os aplausos do numeroso público asistente.

E non tendo outros asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa acorda rematar a sesión ás 12:35 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. alcalde-presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº. e praxe
A alcaldesa

O secretario

Asdo.: Leticia Santos Paz

Asdo.: Adamantino Barreiro García